## FICHA RESUME

**PE 403A 2007/ 23-5**

| | |
|---|---|
| **Ano** | 2008 |
| **Entidade** | CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA |
| **Plan explotación**(1) | PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS |
| **Réxime** (2) | AUTORIZACIÓNS |
| **Modalidade** (3) | MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN |

| | |
|---|---|
| **Especies** | Ameixa fina (*R.decussatus*), ameixa babosa, (*V. Pullastra*), ameixa xaponesa (*R.philippinarum*), ameixa rubia (*V. rhomboides*), ameixa bicuda (*V. aurea*), berberecho (*C. edule*), carneiro (*V. verrucosa*) e reloxo (*D. exoleta*). |
| **Ambito do plan** | Esteiro de Vilamaior, A Corbala, de Punta Basella á Corbala, de Punta Basella a Punta Sinas, de río Aduana a Punta Sinas. |
| **Subzonas de explotación** | As Sinas, Con Grande, Ariño |

| **Participantes no plan de explotación** | | |
|---|---|---|
| **Número de permex/persoas autorizadas** | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| | Pendente de aclaración | |
| **Ampliación do número de permex** (4) | Si | Non |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| | | |

| **Calendario de explotación** | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Días máximos de extracción** | 100 | | | | | | | | | | |
| **Época y zona probable de extracción** (5)**:** de abril a setembro, e decembro. | | | | | | | | | | | |
| **Modalidade**(3)**: A FLOTE** | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
| | | | X | X | X | X | X | X | | | X |

| **Especies** | **Tripulante/día** |
|---|---|
| Ameixa fina | 2 kg |
| Ameixa babosa | 5 kg |
| Ameixa xaponesa | 4 kg |
| Ameixa rubia | Establecerase na resolución de apertura |
| Ameixa bicuda | 2 kg |
| Berberecho | 15 kg |
| Carneiro | 1 kg |
| Reloxo | 30 kg |

| | |
|---|---|
| **Artes a empregar** | Rastro cunha separación entre varillas de 17 mm |

| | |
|---|---|
| **Puntos de control** | Zonas de produción e lonxa de Vilanova de Arousa |
| **Puntos de venda** | Lonxa de Vilanova de Arousa |

| **Accións a realizar** (7) | **Epocas probables** (8) | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rexeneración zonas improdutivas** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas:As Sinas mediante arado empregando embarcacións con endeño ou rastro de vieira. | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Extracción semente para resembra** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Sementeiras** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: ameixa babosa | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Traslados** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rareos** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Limpezas e arados** | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| Zonas: dende Ariño ata Regato Aduana | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Outros** | | | | | | | | | | | | |

**Outras consideracións [9]**

De Punta Basella a Punta Sinas é unha zona de libre marisqueo que tradicionalmente foi traballada en exclusiva por este colectivo

Con respecto aos **participantes**: segundo o plan o número de embarcacións provistas de permiso de explotación son 66, e solicitan unha ampliación de 9 embarcacións ata chegar a 75. Sen embargo na delegación territorial constan 76 embarcacións co permiso de marisqueo Z3 en vigor asociadas á confraría de Vilanova e unha embarcación asociado coa arte de marisqueo zona libre.

Con respecto á proposta de ampliación, cumpre advertir que de acordo co establecido na disposición transitoria terceira da Orde de 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, *dado o esforzo pesqueiro existente na actualidade sobre as diversas especies de moluscos bivalvos, non se poderán incrementar, ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, cos que habitualmente se ven exercendo o marisqueo dende embarcación.* O outorgamento da arte de marisqueo Z3 á embarcación que ten a arte de libre marisqueo, co cal non se aplicaría a disposición transitoria mencionada, queda pendente da aclaración do número embarcacións anteriormente indicado.

A zona de traballo inclúe o Ariño, zona submareal do estuario de Vilanova. O estuario de Vilanova (dende a punta N do porto pesqueiro ata a punta S) é zona de producción catalogada como C pola orde de 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de producción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo o establecido no artigo 2º.2 da orde de 8 de setembro de 2006 "o tratamento a que deben ser sometidos os produtos en función da clasificación da zona de producción será o establecido na sección VII do anexo III do Regulamento (CE) 853/2004, do 29 de abril ou na normativa que a modifique ou substitúa"

De acordo co criterio técnico, o número máximo de días de extracción redúcese a 100 días. Os topes de captura elévanse na ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho con respecto ao aprobado para o presente ano, debido á recuperación sostida dos bancos, e redúcense sobre o proposto para a ameixa bicuda e carneiro.

Aceptase como arte o rastro cunha separación entre variñas de 17 mm, por ser máis restrictivo que o establecido no Decreto 424/1993.

O informe técnico recomenda que unha vez realizada a descompactación nas Sinas cumpriría sementar a zona arada con individuos procedentes de criadoiro ou obtidos tralo cribado da peneira.

**Para a explotación do reló deberá seguirse o "Protocolo para a apertura do reloxo nos bancos marisqueiros".**

*